

OS CONECTORES TEXTUAIS

Son aqueles que nos permiten conectar ideas no interior dun texto. Teñen forma de conxuncións, adverbios ou mesmo frases, e son útiles para axudar o lector a comprender a redacción. Débense colocar nas posicións importantes do texto (inicio do parágrafo ou oración), para que o lector os distinga dunha ollada, mesmo antes de comezar a ler, e poida facerse unha idea da organización do texto. Se queres que o teu texto sexa bo de ler, ordena as ideas servíndote destes elementos lingüísticos. Vexamos algúns.

Para introducir o tema principal do texto:

- O obxectivo principal do noso escrito é...
- Propómonos expor nas seguintes liñas...
- Este texto trata de...
- Dirixímonos a vostede para lle comunicar que...
- No presente traballo desenvolveremos o tema das...
- En que consiste a...? Por que...? Nas liñas que seguen procuraremos responder a estas cuestións.

Para iniciar un tema novo:

- Verbo dese tema..., Tocante a esa cuestión..., Con respecto a..., Polo que se refire a..., En relación con... En canto a..., Sobre...
- Outra cuestión é... O seguinte punto trata de...

Para continuar:

- Ademais..., Así mesmo..., Tamén..., Á parte diso..., De por parte...
- Ao mesmo tempo..., Simultaneamente..., Asemade...,

Para marcar orde na nosa exposición:

- En primeiro lugar..., En segundo lugar..., En terceiro lugar..., En último lugar...
- Primeiro ..., Segundo ..., Terceiro ... [ou ben: 1º..., 2º..., 3º...]
- Primeiramente..., Finalmente...
- De entrada..., Antes de máis nada..., Para comezar...; Logo..., Despois...; A seguir..., Máis adiante...; Para rematar..., Por último...
- Por unha banda... Por outra...; Por unha parte... Por outra; Dunha beira... Doutra...

Para insistir nunha determinada idea:

- Quérese dicir,... É dicir,... Ou sexa, ... Isto é, ... Noutras verbas, ... Dito doutro xeito, ...
- Cómpre dicir..., Hai que salientar..., Hai que ter en conta...
- O máis importante é que..., A idea central é...
- En efecto, ... Como se dixo, ... Máis aínda, ...

Para exemplificar:

- Por exemplo..., Un falar ..., Así ..., Véxase..., Compárese...,

Para opor unhas ideas a outras:

- Polo contrario... , En troques..., Agora ben..., Así e todo... (E moitas das conxuncións)

Para indicar causa ou consecuencia

- Por iso..., Por esa razón..., Así pois..., De aí que... (E moitas das conxuncións)

Para resumir:

- En resumo..., Resumindo..., Recapitulando...
- Brevemente..., En poucas palabras...
- Recollendo o máis importante...,

Para rematar o texto:

- Para rematar podemos dicir que..., Para concluír...

